

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**, de 3 puntos, 3 puntos, 3 puntos e 1 punto, respectivamente. A primeira e a cuarta, con resposta única; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCÍONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (3 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de internacional, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pásalle a seguinte noticia de actualidade e pídelles que prepare un artigo de opinión para o suplemento dominical. Vostede recorda a filosofía de **Locke**, a súa concepción do Estado e as súas claves sobre os réximes políticos (liberdade natural, consentimento, sociedade civil, liberalismo, absolutismo) o algunhas das súas célebres citas: «Anque o estado natural sexa un estado de liberdade, nono é de licenza» ou «Os homes están suxeitos, non aos soberanos, senón á natureza». Relaciónas coa noticia e elabore ese **artigo divulgativo** co título: «Autoridade e liberdade». Extensión máxima: 20 liñas. **(3 puntos)**

O fiscal especial refai a súa acusación contra Trump no caso do asalto ao Capitolio.

O fiscal mantén os catro cargos na súa contra, como o de conspiración para obstruír un procedemento oficial, pero perfila algunhas alegacións sobre os seus plans de subversión electoral. A máxima corte estadounidense concedeu ao agora exmandatario unha inmunidade parcial. Concluíu que «un expresidente ten dereito á inmunidade absoluta fronte a un proceso penal por accións dentro da súa autoridade constitucional», pero estableceu que «non hai inmunidade para actos non oficiais».

(Adaptado de *La Voz de Galicia*, 28 agosto 2024)

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (3 puntos)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Lea detidamente este texto referido a «Platón: antropoloxía e política». Elabore un **comentario filosófico** explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. **(3 puntos)**

-Ben. Xa vimos, segundo parece, tres calidades da cidade, e en canto á especie que resta para que a cidade alcance a excelencia cal podería ser? É evidente que a xustiza. (...)

-E que a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas, é algo que xa oímos a outros moitos e que nos dixemos repetidamente.

-Ao meu parecer do que temos examinado, a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade, é o que dá a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres pemaneza nelas. E xa dixemos que se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.

-Non obstante, se fose preciso discernir cal destas calidades fará á nosa cidade mellor, resultaría difícil discriminar se consiste nunha coincidencia de opinión entre os gobernantes e os gobernados, ou se é a conservación da opinión consonte á lei que hai entre os militares acerca do que debe ser temible ou non, ou a intelixencia e a vixiancia entre os gobernantes; ou iso que fai mellor á cidade consiste, tanto no neno coma na muller, no escravo coma no home ceibe, e no artesán, no gobernante e no gobernado, en que cada un se ocupe do seu, sen atender ao alleo.

(PLATÓN: *República*, Libro IV, 432b-435c)

HISTORIA DA FILOSOFÍA

2.2. Lea detidamente este texto referido a «Nietzsche: nihilismo e transvaloración». Elabore un **comentario filosófico** explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. **(3 puntos)**

Crítica do nihilismo. 1. (...) O nihilismo como estado psicolóxico ten aínda unha terceira e derradeira forma (...) a cal se cifra na falta de fe nun mundo metafísico.

No fondo que sucedeu? Chegamos ao sentimento de ausencia de valor cando comprendemos que non é lícito interpretar o carácter total da existencia nin co concepto de «fin», nin co concepto de «unidade», nin co concepto de «verdade». Con eles non se obtén nin se acaba nada; a multiplicidade do acontecer carece dunha unidade que a transcenda: o carácter do existir non é «verdadeiro».

(F. NIETZSCHE: *Fragmentos póstumos*)

PREGUNTA 3. APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos)

Responda un destes dous apartados:

3.1. Tendo en conta afirmacións como: «Non se nace muller, se chega a selo» ou «O feminismo é unha forma de vivir individualmente e de loitar colectivamente», explique o problema fundamental na cuestión: **«O desenvolvemento do feminismo contemporáneo en Simone de Beauvoir».** **(3 puntos)**

3.2. Tendo en conta afirmacións como: «O home é por natureza un animal político» ou «Xa que todo coñecemento e elección tenden a un ben, expoñamos que é aquilo ao que tende a Política», explique o problema fundamental na cuestión: **«A política de Aristóteles».** **(3 puntos)**

PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto)

Responda estes dous apartados:

4.1. Discrimine en dúas columnas os seguintes conceptos, atendendo aos sistemas filosóficos que refiren: **(0,5 puntos)**

experiencia / res cogitans / empirismo / Descartes / método / causalidade / racionalismo / evidencia.

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: res cogitans. **(0,5 puntos)**

4.2.2. Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: empirismo. **(0,5 puntos)**